

Contexto


Convocado o concurso eólico pola Consellería de Industria, cada empresa que optase ó reparto tería que presentar un plan industrial de inversión que apoiase a solicitude. Segundo resposta da propia Consellería, data de saída 26-abril-2011, o plan da empresa **Estela Eólica** consiste nunha **planta de tratamentos de residuos sólidos urbanos con xeración termoeléctrica** en Dozón, e plantas de transferencia noutros cinco concellos.

A proposta consta de:

- Planta de clasificación de envases lixeiros.
- Planta de elaboración de combustible derivado de residuos.
- Planta de coxeración.
- Planta termoeléctrica de 50Mw.
- Sistema de recuperación de metais, recuperación de inertes e depuradora.

O anuncio da instalación da planta no **concello do Irixo** é tan malo por que veremos pasar todo o tráfico de camións de lixo dende a autopista para a planta, sufriremos toda a contaminación atmosférica e pluvial pola situación cos ventos dominantes do Sur... terá un grave impacto na saúde, na economía e no medio ambiente!

Distancias (liña recta): O Irixo 2,5 km; Castro-Dozón e Piñor 7 km; Cea e O Carballiño 9 km; Lalín 15 km; Rodeiro 18 km; Silleda 23 km; Ourense 25 km; todos eles dentro do raio de afectación da incineradora!



Non á incineradora



Correo-e: incineradoradezanon@yahoo.es

Facebook: Asociación Medioambiental
Incineradora No Deza Non

Principal perigo:

As dioxinas (produtos químicos, gases) que emite unha incineradora concéntranse de forma local, aínda que a su distribución ambiental é mundial. As maiores concentracións de dioxinas rexístranse nalgúns solos, sedimentos e alimentos, especialmente nos produtos lácteos, carnes, pescados, ovos e augas.

A maior parte de esta exposición provén dos alimentos. Polo tanto, é inxustificable que se permitan emisións de dioxinas adicionais en calquera lugar, pero especialmente en áreas agrícolas.

Os principais **riscos na saúde** documentados (Canada, Holanda, USA, Reino Unido, ...) en poboación que vive ó redor de incineradoras e traballadores das mesmas son: **tumores malignos** (cancro de estómago, colorrectal, hepático, pulmonar...), **cancros de mama e leucemias, malformacións conxénitas letais** (espiña bífida, defectos cardíacos), **alteracións hormonais en nenos e aumento da mortalidade.**

Efectos no agro

En canto os efectos que supón a instalación da incineradora de residuos para agro destacamos:

Néboas con fume, gases e partículas, que se acaban espallando e afectando a grandes superficies de terreo. Isto provoca a contaminación dos cultivos polas dioxinas o que fai moi prexudicial o seu consumo tanto

para os animais como para as persoas. Choiva ácida contaminando terreos e regadíos que logo prexudican aos cultivos, con efectos perdurables no tempo.


Que podemos facer entón co lixo?

Unha alternativa á incineración é a chamada **recollida porta a porta**, que consiste na recollida diferenciada de 5 fraccións (orgánica, papel e cartón, envases lixeiros, vidro e resto), cada unha destas fraccións recóllese un día á semana, evitando así levar o lixo á incineradora, pois todo o que se recolle é reciclable. Se en concellos coma **Usúrbil** (País Vasco), **Esporles** (Maiorca), **Tiana, Tona** ou **Riudecanyes** (Cataluña) entre outros moitos, este sistema é posible, por que non vai selo aquí?

Débese ter *en* conta tamén, ao contrario do que nos queren vender, que a incineración diminúe a xeración de emprego no sector xa que as plantas incineradoras adoitan cada vez técnicas e tecnoloxías que requiren menor número de traballadores. Empregando políticas baseadas na recuperación

e na reciclaxe, xeraríanse **43.405 empregos** (cos obxectivos que fixa a nova Directiva Marco de Residuos) fronte aos **2.670 postos** que se xerarían, segundo datos da patronal, se se puxeran en marcha tódolos proxectos novos de incineradoras e ampliacións dalgunhas das xa existentes en todo o territorio nacional.

Se se coñecen as solucións para unha xestión sostible e responsable dos residuos e estas son dende o punto de vista económico, sanitario e ambiental mellores, por que non se poñen en práctica?



Fonte: http://www.iuntadeandalucia.es/averroes/recursos_informaticos/concurso2001/accesit_5/incineracion.htm

Os residuos chegan a zona de recepción (1). De alí pasan ó forno (2), onde son queimados a unha temperatura que vai dos 850 °C ós 1000 °C, isto permite que a combustión dos residuos e dos gases sexa posible. Os gases son expulsados (3.4.5). As cinsas e escoira da combustión, depositanse en vertedoiros (6).